



A voda do Galo Pinto

Belmontes, Juan A.

OQO

Materia: INFANTIL: DE 3 A 4 AÑOS

Colección: COLECCION O

Encuadernación: TAPA DURA

PVP: 15.90 €

EAN: 9788498717389

Páginas: 40

Tamaño: 250x230 mm.



Sinopsis

Había tempo que Galo Pinto quería engaiolar a Xiana, e a vaca Gallarda fixo de casamenteira. O curral estaba revolucionado: as pitas poñían ovos para facer unha torta, os porcos cortaban flores, un coro de ovellas ensaiaba cancións para a cerimonia... Unha voda case sempre é motivo de ledicia, por iso todos na granxa estaban contentos, todos menos a Raposa da Matogueira, que non podía toleralo. O galo críase superior; a súa única pretensión era obter agasallos e ter ao seu servizo unha criada para resolver as súas necesidades... A raposa non deixaba de pensar niso: como podía casar “a súa nena de prata” cun galo tan fachendoso e interesado?.

Juan Alfonso Belmontes convídanos a reflexionar sobre valores e sentimentos, tecendo unha emocionante e singular historia de amor; un triángulo no que non faltan penas, ciumes, enganar, cobiza, enredos...

A ilustradora, Natalie Pudalov, reflicte a través da imaxe as características máis significativas da personalidade dos principais protagonistas: A vaidade e o egoísmo son os trazos máis relevantes do Galo Pinto, que camiña teso e orgulloso, coa cabeza alta e exhibindo unha fabulosa cola. Cobre o rostro cunha máscara, simbolizando a alguén que oculta as súas verdadeiras intencións.

Xiana, vítima do galo, denota no seu aspecto certa fragilidade e inxenuidade. Adórnase con flores e leva roupa sinxela. Os elementos da súa caracterización inciden na inocencia e pureza do personaxe: é unha leiteira de mandil branco como a neve, a súa pel é de prata... A Raposa da Matogueira é humilde e sabia. Aparece en segundo plano vixiando que a súa nena non caia na trampa do galo.